

(De)construcións da subxectividade

por Proxecto Derriba

Módulo I

12 e 14 de Abril

17:30h

“Androides, ciborgs, simulacros e demais restos “

impartido por Abraham Rubín

Este módulo procura reflexionar sobre a(s) diferenza(s) existente(s) entre o ser humano, o androide, o ciborg e o simulacro, para ver se efectivamente son figuras distintas que responden a realidades distintas, se son vías que se interrelacionan unhas con outras ou, finalmente, se todas cumpren un papel relevante na construción da identidade.

O xénero utilizado ao respecto é o da Ciencia ficción e o autor que leremos é o considerado por moitos o máximo representante do mesmo: Philip K. Dick. Así, cruzaremos esta lectura coa de algúns filósofos que pensamos son relevantes para a temática, como Rosi Braidotti, Gilles Deleuze, Félix Guattari ou Antonio Negri.

En primeiro lugar desenvolveremos a noción de androide para ver as súas diferenzas (se as hai) con aquilo que consideramos propiamente humano. É a máquina algo que se pode considerar amoral, ou, polo menos inferior moralmente ao ser humano? Isto será o pano de fondo da discusión, da que pretendemos concluír e denunciar actitudes ideolóxicas presentes nun ou noutro posicionamento a este respecto.

Máis adiante discutiremos a diferenza (se a hai) entre o androide e o ciborg, e á súa vez, entre este e o ser humano, especialmente na era tecnolóxica na que podemos considerar certos instrumentos tecnolóxicos como parte indisoluble xa das actividades produtivas do ser humano, e por tanto, como partes deste. Algúns autores chámanlo ciborg (Rosi Braidotti, Cosmodelia), outros máquina-humana (Antonio Negri), mais tras estes está sempre a concepción de máquina desenvolvida por Gilles Deleuze e Félix Guattari.

Chegados a este punto finalizaremos coa descrición e diferenciación na Ciencia ficción entre androide e simulacro, logo do cal enlazaremos a temática xeral do módulo co que cremos está agochado tras estas concepcións: a discusión entre copia e orixinal, clásico na filosofía grega, desenvolvida en particular tanto en Platón como nos estoicos e epicúreos como, finalmente, na filosofía contemporánea por Jean Baudrillard e Gilles Deleuze.

Lecturas:

DICK, P. K.: ¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?

Los clanes de la luna alfa.

Podemos construirle.

Cuentos completos.

Módulo II

26 e 28 de Abril

17:30h.

“A voracidade do recoñecemento: Frankenstein e o terror”

impartido por Álvaro Otero

Na caracterización do monstro por parte de Mary Shelley está presente a recepción que Inglaterra tivo da revolución francesa. Os atributos cos que se representaban aos xacobinos foron utilizados pola autora para delimitar ao seu monstro, asociándoo con predicados sensiblemente desagradables. Con todo, hai unha comprensión das causas que levan ao monstro de Frankenstein a ser como é. Se por unha banda os excesos da revolución levan consigo a violencia, esta non é de todo gratuíta, forma parte case necesaria do proceso revolucionario. Este proceso vívese en Inglaterra como o recoñecemento de dereitos sociais e políticos do novo grupo social que trae consigo a industrialización. O proletariado urbano é suxeito de dereitos que teñen que ser recoñecidos polo poder social, este dereito represéntase na novela como o dereito a formar unha familia, a ser parte da célula fundamental da sociedade. Con todo, o recoñecemento de dereitos por parte do poder político, podería significar o declive desa mesma forma política. Nesta ambigüidade móvese Mary Shelley, por unha banda comprende intelectualmente a xusta reclamación das clases oprimidas, pero con todo tamén recoñece que levar a termo todas as promesas da revolución significaría o fin dos privilexios (de feito a prensa inglesa caracterizou e caricaturizou á clase traballadora e aos irlandeses como novos monstros de Frankenstein).

Esta contradición que está na orixe do monstro, tamén se reproduce na forma que o monstro ten de interpretarse a si mesmo. En primeiro lugar hai un recoñecemento formal dos dereitos de todos os individuos, mais, con todo, na práctica a satisfacción deses dereitos non ten lugar. Para evitar calquera tipo de altercado a insatisfacción deses dereitos non se dá por culpa da orde socio-política, senón dos individuos particulares que son incapaces de valerse por si mesmos. Esta interpretación dun mesmo xorde a partir das ideas hexemónicas, e a partir delas o monstro de Frankenstein comeza a tomar conciencia da súa posición.

Lecturas

SHELLEY, M.: Frankenstein.

OSAMU, D.: Indigno de ser humano.

MÜLLER, H.: Estética de la resistencia.

“ Psicanálise e Literatura “

impartido por Francisco Conde Soto

O obxectivo deste obradoiro é acercarnos a tres obras da literatura universal dende a perspectiva da psicanálise lacaniana. Trátase de introducir dun xeito colateral certas nocións que o herdeiro de Freud e psicanalista francés Jacques Lacan pon en marcha na súa ensinanza. Non se trata tampouco de considerar que o que pode permitirmos entender a psicanálise sexa a clave central destas obras, senón sobre todo de averiguar que podemos extraer dende cada unha destas obras á luz da teoría psicanalítica, coa idea de incitar a unha relectura destes clásicos.

As tres sesións nas que organizamos o obradoiro teñen a mesma estrutura:

- a) presentación do autor e da obra literaria
- b) comentario dalgunhas pasaxes
- c) interpretación e invitación á discusión desas pasaxes

Nun primeiro lugar tocaremos o tema da escisión entre a pulsión e o suxeito:

Tomando a obra de Robert Louis Stevenson, faremos unha nova lectura do desdoubramento polo que pasa o protagonista que porá en xogo unha distinción entre as nocións de división –algo que afecta a todo suxeito e que ten que ver co feito de ser “seres-parlantes”, de estar na linguaxe– e de escisión –algo que se produce en ocasións puntuais con consecuencias bastante nefastas para o suxeito. Hyde é precisamente aquilo oculto en Jekyll e que este quere rexeitar a un custe demasiado alto.

Nun segundo lugar, a temática abordada será a do suxeito capitalista e a psicanálise, no que o texto teatral de Berthold Brecht, Santa Xoana dos matadoiros, serviranos para ollar a mesma escisión que na obra anterior, pero agora co agravante de que é a inmersión do suxeito no sistema capitalista a que provoca ou en todo caso se beneficia de tal escisión.

Finalmente, remataremos co tema Joyce, le sinthome, título dun dos derradeiros e máis importantes seminarios de Lacan, O seminario XXIII (1975-76).

O interese que a obra de Joyce representa para a psicanálise é múltiple:

- Joyce como alguén que se cura a si mesmo facéndose un nome, facéndose escritor.
- Joyce como paradigma do que significa escribir, operación non tanto de significar ou comunicar como de mero goce da escritura.
- Joyce como un novo tipo de sinthome no que se conxugan os rexistros do imaxinario, simbólico e real, diferente do symptôme interpretable e descifrable a través do sentido.

Intentaremos acercarnos á súa obra dende a lectura que fai Lacan.

Lecturas

STEVENSON, R. L.: Dr. Jekyll y Mr. Hyde.

BRECHT, B.: Santa Juana de los Mataderos.

JOYCE, J.: Retrato del artista adolescente.

Módulo IV

24 e 26 de Maio

17:30h.

“A soidade en Robinson Crusoe”

impartido por Delmiro Rocha

A literatura é unha experiencia da soidade. Escríbese e lese absolutamente só, na illa máis deserta. Dende ela, a soidade é a que fala e a que escribe. A soidade lese a si mesma atrapada no seu retraemento. Insularidade narrativa de toda ficción literaria que atrapa e castiga aos que a ela se asoman, encerrándoos sen fronteiras baixo o máis severo dos réximes de illamento. Non hai saída. Non queda máis que a ficción do pensamento, a falsa realidade do suxeito. A partir de aí, un convértese en vítima e beneficiario, en amo e escravo.

A obra de ficción máis coñecida de Daniel Defoe, Robinsón Crusoe, continúa falando en silencio case trescentos anos despois da súa publicación. Ao longo dos vinte e oito anos que Robinsón pasou en soidade, sen mediar palabra máis que consigo mesmo, sen com-partir nin con-vivir, desenvolveu un sistema político absolutista e tiránico o único servo do cal era el mesmo. Vasalo da súa soidade soberana, o medo ao outro condénao a estar encadeado a si mesmo. O medo ao outro que sempre pode chegar, que chega e rompe co seu arribo o absolutismo ficticio da soidade.

Para o desenrolo de este módulo non é precisa ningunha bibliografía secundaria, ningún estudo erudito, nin sequera ter lido o libro. Non se trata do saber literario da soidade senón da soidade do saber literario. Entón, o único material que se utilizará para este traballo solitario será o libro Robinsón Crusoe de Daniel Defoe en calquera das súas edicións non mutiladas. Por suposto, en nome da soidade, non será obrigatorio en ningún caso asistir ao curso en compañía dun exemplar.

Lecturas

DEFOE, D.: Robinsón Crusoe.

Delmiro Rocha (Salceda de Caselas, 1980). Licenciado en Filosofía pola USC (2004) e Doutor en Filosofía pola UNED e a Universidade Charles de Gaulle Lille 3 (2010), cun traballo sobre o concepto de soberanía en Jacques Derrida. Membro do seminario de investigación Decontra, traduciu ao castelán xunto a Cristina de Peretti os dous primeiros volumes do Seminario La bestia y el soberano, de Jacques Derrida [Vol. 1 (Buenos Aires, Manantial, 2010). Vol. 2 (no prelo)].

Museo Verbum - Casa das PalabrasAvda de Samil, 17 VIGO
Teléfono: 986 240 130Preinscrición e máis información en www.verbum.vigo.org

organiza:



colabora:

